

HISTORIA

OPCIÓN A

CORRECCIÓN ESQUEMÁTICA

1. Definicións:

- **Antigo Réxime:** Termo acuñado polos revolucionarios franceses para referirse ao sistema político e ao modelo de sociedade existente en Francia antes de 1789; por extensión os historiadores denominan así ao conxunto de trazos políticos, xurídicos, sociais e económicos que caracterizaron a Europa e as súas colonias dende o S.XVI ata a súa plenitude no S.XVIII. No transcurso do século XIX irán sendo substituídos por outros propios da sociedade capitalista de clases.
- **Cantonalismo:** Movemento de insurrección que tivo lugar na época da I República española (1873-1874), especialmente, na zona levantina e do sur, defendían a federación desde abaixo, mediante a proclamación inmediateada da soberanía das unidades inferiores, os Estados ou Cantóns. Foi un movemento político que incorporou, nos seus obxectivos, reformas sociais. As revoltas fixeron demitir a Pi i Margal e fracasar a República federal.
- **Directorio Militar:** Primeira etapa (1923/25) da Ditadura de Primo de Rivera (1923/1930) instaurada en España durante o reinado de Alfonso XIII (1902/1931) tras o triunfo do Golpe de estado de Primo de Rivera en 1923. Institución integrada exclusivamente por militares que baixo a presidencia de Primo de Rivera debían asesorarlle nas funcións de goberno e na promulgación dos decretos que terían forza de lei.
- **Sección Feminina:** Foi constituída en Madrid en 1934 e disolveuse tras a morte do xeneral Franco. Foi dirixida desde o seu nacemento ata a súa liquidación por Pilar Primo de Rivera, irmá do fundador de Falanxe. Potenciou o modelo feminino caracterizado pola pasividade política e a nula participación pública da muller, xustificando que o coidado da casa e da familia era o que lles correspondía por natureza. Adoptaría as figuras de Isabel a Católica e Santa Teresa de Xesús como modelos de conduta e símbolos da súa acción.

2. Pregunta tema:

a) Principios básicos do ideario ilustrado:

A Ilustración foi o movemento intelectual máis característico da Europa do século XVIII. Partindo da crítica ao pensamento tradicional e a sociedade do seu tempo, a Ilustración defendeu o coñecemento baseado na razón para loitar contra a superstición e a ignorancia, así como fomentar as ciencias experimentais que xunto co desenvolvemento económico e as reformas sociais e políticas levarían ao progreso e o benestar. Na procura dos seus obxectivos, os ilustrados propuxeron proxectos de reforma que buscaban solucionar os problemas que identificaban na España do século XVIII: a ignorancia, o atraso económico, a debilidade da agricultura, os privilexios estamentais ou as formas de goberno, foron asuntos de reflexión da Ilustración española. Consideraban que todas as persoas buscan a felicidade e que iso debe ser a base dunha organización social racional. Deste xeito, débese respectar a liberdade individual e a igualdade de dereitos e obrigacións de cada persoa. Estas ideas cuestionan os fundamentos da sociedade estamental, baseada na desigualdade e nos privilexios. A defensa da liberdade tamén marcou o pensamento económico e político. Influídos pola fisiocracia e o liberalismo económico apostaron por liberalizacións para fomentar o desenvolvemento. Así foron partidarios da liberdade de comercio e opuxéronse ao réxime señorial que convertía en propiedades invendibles (amortizadas) as que pertencían á Igrexa ou a morgados nobiliarios. A nivel político, as ideas da Ilustración francesa como a separación de poderes influíron nos pensadores españois pero a maioría optou por colaborar coa monarquía e así impulsar as reformas dende o goberno. Para os ilustrados o papel do ensino era fundamental para a mellora cultural do país e o seu progreso. Deste modo propuxeron un ensino básico obrigatorio que permitira superar a ignorancia e as supersticións que tanto criticaron autores como Feijoo, defensores dun cristianismo racional e crítico. Ao longo do século XVIII estes principios ilustrados inspiraron proxectos reformistas que, aínda que con impacto limitado, renovaron a cultura e a economía española. Malia a que o movemento foi cuestionado polo temor derivado da Revolución Francesa, das ideas da Ilustración nacerá o foco de pensamento liberal que será protagonista a partir de 1808.

2

b) A Primeira República (prexecto de constitución federal e cantonalismo):

Tras a renuncia ao trono de Amadeo I en febreiro de 1873, polas distintas dificultades presentes no seu reinado (entre elas a crecente oposición republicana que, durante este breve reinado, tenta conseguir o apoio popular necesario para instaurar a República), o Congreso e o Senado reúnense conxuntamente, formando a Asamblea Nacional, e deciden proclamar o 11 de febreiro de 1873 a República, a pesar de ser maioritariamente monárquicos. A mesma Asamblea Nacional asume todos os poderes e nomea presidente do poder executivo a Estanislao Figueras, quen exercería de xefe do Estado e do Goberno. Existían fortes diferenzas entre os republicanos sobre a organización política da República:

-Os unitarios defendían a creación dunha república unitaria.

-Os cantonalistas defendían a configuración dunha federación construída a partir da unión voluntaria dos cantóns (unidades políticas inferiores que proclamarían a súa soberanía).

-Os federais gradualistas (dirixidos por Pi i Margall) defendían a idea de que unhas Cortes constituíntes da nación española decidisen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación. Ante as tensións formadas por estas diferenzas, convocáronse novas eleccións (celebradas por sufraxio universal masculino, para os maiores de 21 anos) para formar unha Asamblea Nacional constituínte. Foron gañadas polos federais, polo que se proclamou a república federal con Pi i Margall como presidente. Consecuentemente, elaborouse un proxecto de Constitución federal. Por outra banda, incrementouse a axitación social e política (do que foi partícipe a AIT) e xurdiu con forza o movemento cantonalista. A unión e manifestación de ambos provocaron o fracaso de implantar a federación desde arriba e a dimisión de Pi i Margall. Sucédelle os gobernos de Nicolás Salmerón e Emilio Castelar, apoiados en militares como Pavía e Martínez Campos para rematar co cantonalismo e a guerra carlista. Os federais descontentos con esta situación, deciden escoller un novo presidente no Congreso, pero impediuno o xeneral Pavía que dissolveu a Asamblea Nacional. Ante esta situación de baleiro do poder, o xeneral Serrano asumiu o poder executivo da República, suspendendo as garantías constitucionais ata rematar con esa situación de forte inestabilidade e convocar Cortes constituíntes. Isto, favoreceu os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a monarquía na persoa de Afonso de Borbón, quen se presenta como un monarca constitucional e liberal no manifesto de Sandhurst.

3. Comentario:

Puntos a tocar:

- Etapas nas que se ubica este proceso: Isabel II e Sexenio Democrático
- Os sectores industriais desenvolvidos e as zonas: Textil e siderúrxico. Cataluña e o País Vasco. Fronte ás zonas pouco industrializadas.
- A postura ideolóxica fronte a este proceso.
- Melloras das infraestruturas: caso máis salientábel: o ferrocarril.
- Prexección sobre a economía.

ABAU SETEMBRO 2018

HISTORIA

OPCIÓN B

CORRECCIÓN ESQUEMÁTICA

1. Definicións:

- Catastro de Ensenada: Enquisa catastral realizada polo marqués da Ensenada só no territorio da Coroa de Castela, entre 1750-56, sobre as características económicas e xeográficas de todas as súas poboacións, e a información detallada sobre os veciños, familias, bens, oficios e rendas. Foi decretado por Fernando VI (1756-1759).
- Afrancesados: Grupo de españois na Corte e na administración que vían no rei Xosé I Bonaparte (1808- 1814) a esperanza para a rexeneración de España, convencidos de que o reformismo autoritario era o único medio para lograr a renovación e o cambio. A súa obra máis destacada foi o Estatuto de Baiona.
- Manifesto de Sandhurst: Escrito de carácter político asinado o 1 de decembro de 1874 polo entón príncipe Alfonso de Borbón (futuro rei Alfonso XII de España 1875-1885), mentres se atopaba no exilio. No documento mostraba a súa disposición para converterse en rei e era partidario dunha monarquía parlamentaria.
- Sindicato vertical: (Organización Sindical Española). Única central sindical que existiu en España entre 1940 e 1977, no período da ditadura franquista (1936/39-75). Durante case corenta anos converteuse no único sindicato legal que estivo autorizado.

5

2. Pregunta tema:

- a) Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos:

Baixo esta denominación coñécense un conxunto de normas que provocaron a supresión do réxime foral da Coroa de Aragón, das súas institucións e leis propias. Foi unha reforma auspiciada polo monarca Felipe V de Borbón, inspirándose no modelo francés, co obxectivo de lograr maior grao de centralización territorial, mediante a unificación legislativa e institucional. O apoio dos aragoneses a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión española motivaría a súa aplicación, que se fixo en paralelo ó dominio efectivo dos Borbóns

sobre os diferentes espazos: os reinos de Valencia e Aragón en 1707, o reino de Mallorca en 1715 e o Principado de Cataluña en 1716. As principais medidas reguladas nos decretos foron a supresión do Consello de Aragón e a abolición das Cortes de Aragón, Valencia e Cataluña. Tamén se suprimiron os virreis e introducíronse nos diversos territorios institucións casteláns destinadas a garantir un maior control dos mesmos (Audiencias, Capitáns Xerais, Intendentes, Correxidores). A reordenación estendeuse á facenda, aínda que non supuxo a introdución dos tributos casteláns, senón a implantación dun sistema tributario novo. O modelo estaba baseado nun único imposto de cotas fixas, repartido en función da riqueza dos veciños, que inspiraría o proxecto da Única Contribución que despois intentou implantar en Castela o marqués da Ensenada. A supresión das aduanas interiores sería outra das medidas adoptadas entón, xunto coa imposición do castelán como lingua da administración. Estas reformas modificaron en profundidade a constitución tradicional da monarquía dos Austrias como agregado de territorios que mantiñan as súas propias institucións. Tratouse dun proceso de centralización incompleto, porque as Provincias Vascas e Navarra conservaron o réxime foral, pola súa fidelidade a Filipe V.

b) A crise da UCD e o golpe de estado:

A UCD, formación política creada por Adolfo Suárez, logrou gañar dúas convocatorias electorais, a de 1977 e a de 1979, pero en ambas non tiña a maioría absoluta. Esta formación era unha partido moi heteroxéneo, resultado da confluencia de individualidades políticas procedentes do antigo franquismo, democristianos, liberais e incluso da socialdemocracia. Os primeiros anos da Transición foron moi duros por varios factores: a crise económica do 73, sentida en España dun xeito máis tardío, xerou taxas de inflación altas e un paro crecente que xerou un enorme malestar social con numerosas folgas. A gravidade da situación motivou os Pactos da Moncloa como un acordo global entre sindicatos, partido do goberno e partidos da oposición para evitar o descarrilamento dos pasos dados de cara a normalización política en España. Por outro lado, estaba a actividade da banda terrorista ETA que neses anos comete numerosos atentados (os anos de plomo) sobre membros das forzas armadas. A pesar da recién estreada autonomía vasca, as accións terroristas foron a máis creando un profundo malestar entre o exército e os sectores inmobiliarios da sociedade española. Cada funeral polos asasinados era unha ocasión da ultradereita de manifestarse en contra do goberno. O proceso autonómico era visto neses sectores ultra como unha provocación contra a unidade de España. Isto viña a engadirse á desconfianza que o exército tiña sobre Adolfo Suárez dende a

legalización do PCE en abril do 77 e á aprobación de medidas como a lei do divorcio que enconou os ánimos da xerarquía da igrexa católica e os sectores máis conservadores da UCD.

Neste ambiente de construción dunha democracia, Adolfo Suárez viuse acosado tanto pola esquerda (PSOE) que lle chega a plantear unha moción de censura en 1980, e pola dereita (AP), de xeito que a súa supervivencia política estaba moi complicada, máxime se o seu propio partido comeza a darlle as costas de xeito que como formación acabou por implosionar nun ambiente político no que había rumores de golpe de Estado.

Esta situación política extrema obrigou a Adolfo Suárez a presentar a súa dimisión ante o rei en xaneiro de 1981. O 23 de febreiro, mentres se estaba producindo a votación no Congreso de Deputados para investir presidente do goberno a Leopoldo Calvo Sotelo, tamén da UCD, un grupo de Gardas Civís ao mando do Tenente Coronel Tejero ocupan a cámara á espera que un mando de maior rango pase a encabezar o golpe de Estado. En paralelo, en Valencia, Miláns del Bosch saca os tanques ás rúas e impón o toque de queda. Segundo os golpistas o rei está informado de todo, dando a entender a súa complicidade no golpe, pero finalmente fracasa pola intervención pública do monarca no que declara a súa adhesión á democracia recién creada e condena a acción dos militares golpistas. Esta intervención televisada impediu a incorporación de novas unidades ao golpe e obrigou aos golpistas a entregarse. Ese día confluiron dúas tramas, unha a protagonizada por Tejero, xa condenado anteriormente por outra intentona en decembro do 78 (Operación Galaxia), vencellado a sectores inmobiliarios do bunker franquista, e a outra na que estaba implicado o xeneral Armada da que sairía un goberno de concentración nacional. As manifestacións na rúa ao día seguinte respaldando a democracia por parte da sociedade española e a posterior vitoria do PSOE en outubro do 82 alonxaron para sempre as tentacións golpistas dese sector do exército máis conservador.

3. Comentario:

Puntos a tocar:

- Breve introducción desde a crise de 1909 co fin de ubicar a etapa dentro da Crise da Restauración.
- Marcar as posición ideolóxicas da Restauración e a súa prexección durante a crise da mesma.
- Falar, por unha banda, dos partidos do turno e do exército; e por outra, do movemento obreiro e dos nacionalismos periféricos (nas dúas vertentes: conservadora e progresista).
- Folga de 1917 e os problemas. Intentos de solución da mesma.
- Desastre de Annual de 1921. Afonso XIII, o exército e o Expediente Picasso.